


# Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



## *Acacia longifolia* (Andrews) Willd.

Procedente do este e sur de Australia, esta especie arbustiva ou árbore pequena de leguminosa foi introducida en Europa como especie ornamental, para fixación de dunas e pola súa madeira, sendo citada en Galicia por vez primeira no ano **1983**.

A diferenza de *Acacia melanoxylon* que ten a casca marrón escura e as flores amarelo pálido en capítulos, a *Acacia longifolia* ten a casca gris e as flores amarelo vivo en espigas.

Na actualidade atópase presente en moitos areas da provincia de Pontevedra, invadindo dunas e taludes costeiros, onde despraza a vexetación autóctona polos seus efectos alelopáticos, sendo capaz de eliminar case toda a vexetación competitiva creando unhas comunidades florísticas moi pobres.

Igual que outras especies de *Acacia*, o lume favorece a xermolación das sementes que están en dormición, o que facilita a invasión nos solos queimados.



Colabora no Atlas  
escribindo a  
[botanica@sghn.org](mailto:botanica@sghn.org)

